



---

# REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

---

## REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL *Comunicación e Xestión Cultural*

Praza da Soidade, s/n. - 27001 LUGO Telf.: 982 24 21 12 Fax: 982 240 240  
[info@museolugo.org](mailto:info@museolugo.org) / [www.museolugo.org](http://www.museolugo.org)

### CONVOCATORIA

#### **Actos nos museos da Rede Museística arredor do centenario do nacemento de Celestino Fernández de la Vega**

Con motivo de cumprirse este martes, 23 de setembro de 2014, o centenario do nacemento en Friol do filósofo Celestino Fernández de la Vega, a área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo e os museos da Rede Museística convértense en sede de varios actos arredor desta efeméride.

Na tarde de mañá, **23 de setembro**, terá lugar na sala multiusos do MPLugo a xornada “Cilistro na memoria viva de Lugo” coa celebración dunha tertulia, a proxección dun documental e as intervencións de, entre outros, Paco Nieto e Juan Soto.

O sábado, **27 de setembro**, no Museo Fortaleza de San Paio de Narla, en Friol, a revista oral “Castronela” dedicarámona monograficamente a Cilistro, con música, narracións e intervencións de Paula Rancaño, Lois Pérez, Ramón López Vázquez, Alfonso Blanco Torrado, Higinio Martínez Fernández de la Vega e a viúva de Celestino, dona M<sup>a</sup> Luisa Maceda.

Rematarán estas actividades os días 21 e 22 de novembro no MPLugo con unhas xornadas académicas arredor da súa figura e obra.

#### **ACTOS NO MPLUGO**

Baixo o título “*Celestino Fernández de la Vega: mestre lucense nun tempo de sombras*”, as facultades de Humanidades e de Formación do Profesorado da USC-campus de Lugo, co patrocinio da área de cultura e Turismo da Deputación de Lugo, organizan dous actos arredor da figura e da obra do insigne pensador lucense.

##### **»Cilistro na memoria viva de Lugo**

Martes, 23 de setembro, de 18:00 a 21.15 h.

Lugar: Sala Multiusos do MPLugo

**18.00:** Presentación

**18.15-19.00:** Nieto, Paco, xornalista: Celestino Fernández de la Vega, os sons da



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo



---

# REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

---

memoria

**19.00-19.45:** Soto, Juan, xornalista e cronista oficial da Deputación de Lugo: As colaboracións de Celestino Fernández de la Vega en *El Progreso*

**19.45-20.00:** Descanso

**20.00-20.15:** Proxección do Documental: *Os espazos vividos e amados do Cilistro* (coord. Xosé Ramón Veiga Alonso, USC)

**20.15-20.40:** Mesa redonda: *Os faladoiros do Cilistro* (coa participación de antigos tertulianos e tertulianas)

**20.40-21.00:** Recital: Palabras en tempos escuros (coord. M<sup>a</sup> Xesús Vázquez Lobeiras, USC)

**21.00-21.15:** Momento musical

## »Tempo e pensamento de Celestino Fernández de la Vega

21 de novembro (de 16:00 a 19:30 h.) e 22 de novembro (de 10:00 a 14:00 h.)

Lugar: MPLugo

### Venres, 21 de novembro de 2014: Museo Provincial

**16.00-16.15:** Presentación

**16.15-17.00:** Vázquez Lobeiras, M<sup>a</sup> Xesús e Veiga Alonso, Xosé Ramón (USC): Inventario do legado de Celes no Fernández de la Vega: o seu arquivo e a sua biblioteca.

**17.00-17.45:** Pardo de Neyra, Xulio (UdC): Lugo, capital cultural

**17.45-18.00:** Descanso

**18.00-18.45:** Fernández, Carlos (revista Grial, ensaista e profesor de filosofía): Celestino e a Europa do seu tempo

**18.45-19.30:** López Lorenzo, Siro (humorista gráfico, ensaista): O humor do Cilistro

### Sábado, 22 de novembro de 2014

**10.00-10.45:** López Vázquez, Ramón (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades): O pensamento de Celestino Fernández de la Vega: de Heidegger a Popper

**10.45-11.30:** Torres Queiruga, Andrés (USC): Filosofía e Saudade: Rosalía de Castro e Celestino Fernández de la Vega

**11.30-12.00:** Descanso

**12.00-12.45:** Conde Soto, Francisco (USC): O segredo do humor segundo Celestino Fernández de la Vega e segundo Freud.

**12.45-13.30:** Leyte Coello, Arturo (UVigo): Heidegger: verdade e liberdade

**13.30-13.45:** Clausura

## »» Programa Xornadas



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

---



---

## REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO

---

### ACTOS NO MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA (FRIOL)

#### » **Cilistro** na revista oral *Castronela*

Por outra parte, o número 3 da revista oral **Castronela**, que se desenvolverá o sábado, 27 de setembro, a partir das 19:00 h., no Museo Fortaleza San Paio de Narla, Friol, dedicarase monograficamente a divulgar a vida e obra do autor de *O segredo do humor*. Neste número intervirán: **Ramón López Vázquez, Alfonso Blanco Torrado, Higinio Martínez Fernández de la Vega, Lois Pérez** e a viúva de celestino, dona **M<sup>a</sup> Luisa Maceda**. A xove violonchelista lucense **Paula Rancaño** encargarse da parte musical.

#### »» **SUMARIO DE CONTIDOS** da revista oral *Castronela*

#### »» **BIOGRAFÍA** de Celestino Fernández de la Vega

Lugo, 22 de setembro de 2014



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA



Cultura e Turismo

---